

**Servizo de  
CONTRATACIÓN****CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN****CONCELLO  
DE VIGO**

Expediente 21.243-333

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS**

Con data do 3 de agosto de 2022 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro de dúas casetas en réxime de aluguer para a súa colocación nas instalacións deportivas do campo de fútbol do Carballal e das pistas de atletismo en Balaídos, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 28 de xullo de 2022.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 12 de setembro de 2022 ás 10:00 horas, reuníronse o xefe do Servizo de Deportes xunto coa xefa do Servizo de Contratación para a apertura do sobre único segundo o previsto na cláusula 20.1 do PCAP.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentouse unha única proposición

- BAYGAR, S.L.

Os asistentes manifestaron non ter conflito de intereses co licitador.

Procedeuse á descriptación da oferta a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Prezo sen IVE	IVE	Prezo con IVE
1	BAYGAR, S.L.			2.628,00 €	551,88 €	3.179,88 €

Á vista da documentación presentada, procede admitir neste procedemento a BAYGAR, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP.

Tendo en conta os criterios recollidos no apartado 6B e na cláusula 18.1b) do PCAP para considerar se a oferta contén valores anormais ou desproporcionados, constátase que a única oferta non contén valores anormais.

De conformidade co apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP (*"as ofertas ordenaranse por orde ascendente resultando adxudicataria a que oferte o prezo máis baixo"*), ordénase a única oferta presentada:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/03/2024 14:08	Páxina 1 de 2
21243-333	CSV: A4AA4D-38B422-5CE13A-V3S2QY-8HSTK9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Prezo con IVE
1	BAYGAR, S.L.	3.179,88 €

En aplicación da cláusula 20.1 do PCAP compróbase no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia os seguintes aspectos en relación co licitador:

- A súa válida constitución e obxecto social ao ser unha persoa xurídica
- Capacidade de obrar
- Poder bastante con que actúa o seu representante
- Que non está incurso en prohibición de contratar
- Que está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT e a ATRIGA e fronte á Seguridade Social.

Para os efectos de poder adxudicar este contrato, solicitarase o certificado de estar ao corrente o licitador coa Tesourería Municipal.

A xefa do Servizo de Contratación  
(sinatura dixital)

O xefe do Servizo de Deportes  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/03/2024 14:08	Páxina 2 de 2
21243-333	CSV: A4AA4D-38B422-5CE13A-V3S2QY-8HSTK9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		